

Resolución do 5 de xuño de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa pola que se regula a convocatoria e selección de centros públicos de ensino non universitario da Comunidade Autónoma de Galicia para participar no programa EduExchanges de intercambio presencial de alumnado con centros educativos doutros países durante o curso 2024/2025.

A comunidade internacional considera o multilingüismo como unha ferramenta moi poderosa para o multilateralismo e a cooperación internacional, tan necesaria ante os retos globais aos que nos enfrontamos. As novas xeracións necesitan oportunidades para acadar un coñecemento o máis profundo posible sobre como viven e como pensan persoas procedentes de culturas e tradicións distintas á propia, xa que isto promoverá a empatía, a valoración e a comprensión mutuas, proporcionando oportunidades para a cooperación. Isto dá mostra da necesidade de fornecer ao noso alumnado, por medio da aprendizaxe activa de linguas estranxeiras, dunha educación para a cidadanía global e dunha educación intercultural para a comprensión internacional.

A Estratexia Galega de linguas estranxeiras, Edulingüe 2030, na súa liña de impacto 8, "Accións para a mellora da competencia comunicativa: mobilidades e intercambios" contempla a promoción dos intercambios entre alumnado de centros educativos galegos e outros centros educativos do estranxeiro, un proxecto que axudará a crear e consolidar proxectos de cooperación educativa e asociacións entre eles. Así mesmo, a liña de impacto 2, "Compartir para mellorar: Programas de boas prácticas" promove os programas de observación e intercambio de boas prácticas que contribúan á identificación de prácticas educativas eficientes e innovadoras no ensino de linguas.

Considerando que os intercambios escolares son un excelente recurso para a aprendizaxe activa de linguas estranxeiras, un xeito natural para favorecer a convivencia, axudando a desenvolver unha personalidade máis rica e respectuosa cara a outras realidades e culturas, e un motor de impulso para crear e consolidar proxectos de cooperación educativa e asociacións entre centros escolares galegos e doutros países.



De acordo co anteriormente exposto, esta Dirección Xeral, **RESOLVE:**

Primeiro. Obxecto e ámbito de aplicación.

A presente resolución ten por obxecto convocar e seleccionar aos centros públicos de ensino non universitario da Comunidade Autónoma de Galicia beneficiarios do programa de intercambio presencial EduExchanges durante o curso 2024/2025 con centros educativos estranxeiros, de acordo coas seguintes modalidades:

1. Modalidade 1 : Países da Unión Europea, Reino Unido e espazo Schengen.
2. Modalidade 2 : Outros países.

Segundo. Ámbito temporal.

Poderán beneficiarse desta convocatoria os centros educativos públicos dependentes desta Consellería que desenvolvan programas de intercambio durante o curso 2024/2025.

Terceiro. Perfil do alumnado participante.

1. Poderá participar no programa de intercambio o alumnado galego que estea matriculado en 6º de EP, 1º, 2º, 3º e 4º de ESO ou 1º de Bacharelato durante o ano académico 2024/2025.
2. A lingua vehicular do intercambio pode ser a Primeira ou a Segunda Lingua Estranxeira cursada polo alumnado.

Cuarto. Compromisos dos centros educativos.

1. O centro educativo será o encargado de chegar a acordo firme cun centro estranxeiro co que levar a cabo este proxecto. O acordo debe ser previo á solicitude, momento no que se requirirán datos de identificación do centro estranxeiro.
2. O centro educativo será o encargado da selección do alumnado candidato ao intercambio. Cada centro escolar seleccionará un mínimo esixible de 10.



Excepcionalmente, tendo en conta as características do centro educativo, a Dirección Xeral poderá autorizar un número de alumnado inferior a 10. Levantarase acta do proceso de selección do alumnado cos seus datos que será asinada pola persoa directora e a persoa secretaria do centro educativo.

3. O número máximo de alumnado sobre o que se calculará a contía asignada aos centros seleccionados é 20. En caso de contar cun número maior de alumnado participante no programa, posibilitase a redistribución da contía total asignada ao centro seleccionado entre un máximo de 30 participantes, sempre que se conte co acordo do Consello escolar, oído o Claustro.

En calquera caso, a contía concedida non se verá incrementada polo feito de superar os 20 participantes.

Esta circunstancia deberá reflectirse na memoria final.

4. Así mesmo, o centro educativo seleccionado solicitará ás familias respectivas a aceptación dos compromisos e gastos derivados do programa que este non alcance a cubrir, así como as autorizacións ou consentimentos pertinentes debidamente asinados polas nais, pais ou representantes legais do alumnado, de acordo cos protocolos de actuación desta Consellería. Esta documentación será custodiada nos centros aínda que poderá ser requirida pola Consellería.

5. A participación no programa de intercambio debe estar integrada na programación anual do centro e aprobada polo Consello Escolar, oído o Claustro. Recollerase a participación, planificación e avaliación do programa na Programación Xeral Anual do curso 2024/2025.

6. Os centros educativos seleccionados para participar no programa ocuparanse dos aspectos organizativos do intercambio do alumnado galego planificando as actividades educativas e extraescolares que consideren oportunas.



7. O intercambio será coordinado por unha persoa docente do centro que se responsabilizará do desenvolvemento e seguimento do mesmo. A persoa coordinadora será a interlocutora directa, coas familias e co alumnado participante e identificarase como tal na solicitude do programa.
8. Durante o programa de intercambio, o alumnado galego participante deberá estar acompañado polo profesorado designado polo centro educativo para tal efecto.
9. O profesorado realizará observación directa no centro educativo estranxeiro durante a súa estadía. A través de dita observación doutras metodoloxías e o seu impacto nos procesos de aprendizaxe do alumnado, potenciarase o traballo conxunto e fomentarse a reflexión sobre actuacións innovadoras, que redundarán no establecemento de proxectos comúns.
10. Os centros seleccionados encargaranse de que, durante a súa estadía no estranxeiro, o alumnado galego resida coa familia do seu homólogo estranxeiro e participe no programa de actividades educativas e extraescolares establecido co centro educativo estranxeiro.
11. Os centros participantes deberán subscribir un seguro de viaxe, así como unha póliza de accidentes e de responsabilidade civil para o alumnado e o profesorado durante a súa estadía no estranxeiro.
12. Os centros seleccionados deberán concretar as medidas necesarias para a integración do alumnado estranxeiro na vida educativa do centro durante a súa estadía en Galicia e contribuirán a que sexa unha experiencia enriquecedora para toda a comunidade educativa.



Quinto. Compromisos das familias e do alumnado participantes.

1. O alumnado participante deberá cumprir cos requisitos estipulados no programa de intercambio e, salvo causa de forza maior, debidamente xustificada ante a dirección do centro educativo, non o poderá abandonar unha vez comezado.

2. En virtude do réxime de reciprocidade, as familias do alumnado participante no intercambio comprométense a recibir na súa casa unha alumna ou alumno doutro país, de maneira que non suporá gasto algún o aloxamento e manutención do alumnado nin a asistencia ao centro educativo no estranxeiro.

3. As familias asumirán o custo dos gastos do programa que a dotación do mesmo non acade a sufragar, no referente ás súas fillas e fillos, así como o diñeiro de peto mentres se atopen no país de acollida.

4. A organización e o custo do transporte do alumnado dende o domicilio aos centros educativos correrá a cargo das familias de acollida nos dous países.

5. Os menores de 18 anos españois que vaian viaxar ao estranxeiro precisarán ademais do DNI ou Pasaporte en vigor, unha declaración asinada de permiso de viaxe fóra do territorio nacional.

No caso dos menores estranxeiros que residan en España, os seus representantes legais deberán acudir ás súas autoridades consulares para cumprimentar a documentación que proceda conforme á súa lexislación nacional.

6. No caso de que non poida ter acceso á tarxeta sanitaria de cobertura europea (TSE), as familias deberán subscribir unha póliza de asistencia médica para o alumnado mentres estea no país de acollida.

7. No caso de que un/unha alumno/a mostrase condutas graves de indisciplina ou tivese que abandonar a actividade por causas non imputables á administración



educativa, a familia do alumno/a deberá correr cos gastos que se deriven desta circunstancia.

Sexto. Dotación económica.

1. O financiamento das achegas para o programa de intercambio presencial en concepto de compensación de gastos efectuarase con cargo á partida orzamentaria 37.03.423A.229 por un importe máximo de 350.000€.

2. Haberá un máximo de 45 centros seleccionados de entre todos os centros candidatos, 40 centros na Modalidade 1 e 5 centros na Modalidade 2.

Na Modalidade 1, cada centro seleccionado para o programa de intercambio recibirá a cantidade de 300 € por cada alumna/o participante e a cantidade de 1.000 € para o total do profesorado acompañante. En calquera caso, a cantidade máxima adxudicada a cada centro non superará os 7.000 €.

Na Modalidade 2, cada centro seleccionado para o programa de intercambio recibirá a cantidade de 600 € por cada alumna/o participante e a cantidade de 2.000 € para o total do profesorado acompañante. En calquera caso, a cantidade máxima adxudicada a cada centro non superará os 14.000 €.

3. En caso de non cubrirse a totalidade das prazas ofertadas para algunha das modalidades, por proposta motivada pola comisión de selección, a persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa poderá acordar a redistribución da contía sobrante de calquera das modalidades.

4. A dotación económica determinada será transferida á conta bancaria do centro participante no período correspondente ao exercicio económico 2024. O importe concedido a cada centro destinarase a sufragar os gastos de transporte, aloxamento, actividades, seguro de viaxe e póliza de accidentes e de responsabilidade civil para o alumnado e o profesorado; gastos que serán debidamente xustificados e imputables á participación neste programa.



5. Os gastos derivados do intercambio deberán realizarse no curso 2024/2025 e serán debidamente xustificadas ante a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, segundo as instrucións que estableza esta Dirección. As facturas correspondentes custodiaranse nos centros educativos e poderán ser requiridas por dita Dirección.

6. A non entrega da xustificación de gasto no prazo establecido poderá ser causa de revogación das cantidades asignadas. O centro deberá realizar o reintegro da cantidade percibida sen prexuízo das responsabilidades que se lle poidan esixir.

7. De ser o caso, o centro deberá realizar o reintegro da cantidade percibida que non servise a sufragar gastos especificados no alínea 4 do sexto punto segundo as instrucións que estableza esta Dirección.

Sétimo. Solicitudes e prazo de presentación.

1. Os centros educativos interesados en participar no programa de intercambio presentarán unha única solicitude, indicando a modalidade á que optan (Modalidade 1 ou Modalidade 2).

2. A participación no programa é compatible con outros programas que impliquen intercambios ou mobilidades sempre e cando o obxecto de estudo dos intercambios ou mobilidades non coincidan.

3. As solicitudes presentaranse en liña completando o formulario electrónico dispoñible na aplicación á que se accede no enlace <https://www.edu.xunta.gal/programaseducativos/>

Os datos solicitados no formulario son os relativos á autobaremación e ao proxecto. Para elaborar este último deberánse encher os seguintes campos: datos do centro estranxeiro asociado, datos do alumnado galego, lingua(s) estranxeira(s) vehicular(es) do intercambio, datas de inicio e de remate da estadía no estranxeiro, temática(s)



sobre a(s) que contan traballar co centro estranxeiro asociado, actividades previstas, obxectivos de aprendizaxe previstos e competencias desenvolvidas e instrumentos previstos para o seguimento e a avaliación do intercambio

4. A persoa directora do centro será quen dispoña do permiso de creación e presentación da solicitude. Unha vez rematado o proceso de solicitude xerárase un documento no buzón de informes que será custodiado no centro educativo.

5. A persoa directora poderá habilitar outra(s) persoa(s) para a edición da solicitude mediante Autoriza (<https://www.edu.xunta.gal/autoriza/>)

6. O prazo de presentación de solicitudes comeza a partir do día seguinte ao da publicación da presente convocatoria no Portal Educativo <http://www.edu.xunta.gal> e rematará o 23 de setembro de 2024.

Oitavo.-Criterios de selección dos centros.

Os centros serán clasificados e seleccionados conforme os seguintes criterios e puntuación:

1. Proxecto de participación: ata 3 puntos.
 1. O proxecto abrangue temáticas transversais que transcenden o eido sociocultural e lingüístico, sendo innovadoras e motivadoras para o alumnado: ata 1 punto.
 2. Contémplanse actividades relacionadas coa melloría da competencia lingüística: ata 1 punto.
 3. O destino adecúase ao interese didáctico en materia de linguas estranxeiras: ata 0,5 puntos.
 4. Contémplanse instrumentos de avaliación da mellora da competencia lingüística en lingua estranxeira: ata 0,5 puntos.
2. Por contar con programas de plurilingüismo: 5 puntos.
3. Por contar con seccións bilingües no centro en funcionamento durante o curso 2023/2024 (ata 3 puntos).



- a. 1 ou 2 seccións : 1 punto.
- b. De 3 a 5 seccións : 2 puntos.
- c. Máis de 5 seccións: 3 puntos.
4. Pola participación no programa CUALE durante o curso 2023/2024: 0,10 puntos por cada modalidade (ata 1 punto).
5. Pola participación en Intercambios Escolares EduExchanges presencial, Picasso Mob ou EduMob 2023/2024: 1 punto.
6. Por contar coa acreditación Erasmus ou participar en proxectos europeos no curso 2023/2024: 1 punto.
7. Centros situados en concellos rurais, ata 1 punto , segundo o establecido a seguir:
 - a. Concellos de menos de 1.000 habitantes: 1 punto.
 - b. Concellos de entre 1.001 e 3.000 habitantes: 0,75 puntos.
 - c. Concellos de entre 3.001 e 5.000 habitantes: 0,50 puntos.
 - d. Concellos de entre 5.001 e 10.000 habitantes: 0,25 puntos.

Noveno. Procedemento de valoración das solicitudes.

1. A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional valorará as solicitudes recibidas mediante unha comisión que estará presidida pola persoa titular da Subdirección Xeral de Ordenación, Inclusión e Innovación Educativa , ou persoa en quen delegue, e integrada polas persoas titulares do Servizo de Apoio Económico, do Servizo de Innovación e Programas Educativos, así como por dúas persoas asesoras técnicas da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, unha das cales realizará as funcións de secretaria.
2. A comisión de selección realizará unha selección dos centros solicitantes conforme aos criterios que figuran no apartado oitavo da presente convocatoria.
3. En caso de producirse un empate, dirimirase atendendo aos seguintes criterios:
 - a) Maior puntuación no criterio 7.
 - b) Maior puntuación no criterio 1.



c) Maior puntuación no criterio 2.

4. Excepcionalmente, por proposta da comisión, a Dirección Xeral poderá autorizar un número de alumnado inferior a 10 alumnos tendo en conta as características do centro educativo.

Décimo. Resolución provisional.

1. Unha vez rematado o proceso de selección das solicitudes, a comisión de selección fará pública a resolución provisional no portal educativo desta Consellería (<http://www.edu.xunta.gal>) dos centros seleccionados e dos centros excluídos do programa de intercambio.

2. A publicación da resolución provisional abrirá un prazo de 5 días hábiles para efectuar reclamacións ou renuncias ante a persoa que exerza a presidencia da comisión.

Os escritos dirixiranse á Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos na Sede Electrónica da Xunta de Galicia, a través do formulario correspondente ao procedemento de presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado (código PR004A) [<https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/solicitud-xenerica>]

A solicitude deberá identificarse coa denominación *EduExchanges* no campo "asunto relacionado".

Para a presentación das solicitudes, reclamacións e renuncias poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365.

Décimo primeiro. Resolución definitiva.

1. Transcorrido este prazo, a comisión de selección realizará a valoración das



reclamacións e renuncias recibidas, e deseguido elevará a proposta definitiva á persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa que adoptará a resolución definitiva dos centros seleccionados e dos centros excluídos.

2. A resolución definitiva dos centros seleccionados e dos centros excluídos publicarase no portal educativo.

3. Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, as persoas afectadas poderán interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no portal educativo, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente o recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa .

4. O prazo máximo para resolver este procedemento será de tres meses. Se transcorrese o citado prazo sen que recaese resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

Décimo segundo. Xustificación da actividade.

Ao longo do mes de xuño de 2024, os centros participantes deberán presentar ante a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa unha memoria da actividade, que incluírá tanto a participación do alumnado coma a do profesorado, segundo as instrucións que estableza esta Dirección.

Décimo terceiro. Certificación de participación do profesorado.

Unha vez rematado o intercambio e entregados a documentación requirida, segundo o disposto no apartado décimo segundo da presente convocatoria, a persoa



coordinadora do programa e o profesorado acompañante durante a estadía no estranxeiro recibirán un certificado de innovación educativa cunha equivalencia de 20 horas de formación permanente do profesorado.

Décimo cuarto. Datos de carácter persoal.

1. Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da carpeta do cidadán.

2. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme á normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas e esta circunstancia reflectirase no devandito formulario.

3. Os datos serán comunicados ás Administracións públicas, organismos e/ou entidades que participan neste plan no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

4. A fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos de identificación das persoas interesadas serán publicados conforme ao descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

5. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede



electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

6. No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de Datos ou a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Santiago de Compostela,

Judith Fernández Novoa

A directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

